



No Salón de Sesións da Casa Consistorial do concello de Samos, sendo as trece horas do día **SEIS DE OUTUBRO DE DOUS MIL DEZASETE**, baixo a Presidencia do Sr. alcalde en funcións D. José Antonio García Jurjo (segundo Decreto de delegación nº 2017-0136 de data 22 de setembro), comparecen os Sres. concelleiros, D. Juan Luís López Díaz, D. José Manuel Campo López, Dona Maria del Carmen Abad Rodríguez e D. José Aurelio López López (ausentes os Sres concelleiros Dona Marisol Orille Díaz, D. Manuel López Armesto e D. José Antonio Real Vázquez que excusaron a mesma), asistidos pola secretaria municipal D^a. Ana Isabel Candame Areosa, que da fé do acto, co obxecto de celebrar sesión “ordinaria” do **PLENO** deste Concello en primeira convocatoria, previa á mesma.

Xa que asiste o quórum legal para a súa celebración, declarouse aberta a sesión pola Presidencia en funcións e procedeuse a examinar os asuntos incluídos na orde do día, que se desenvolveron como se expresa a continuación:

1º. - A APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS ANTERIORES LEVADAS A CABO EN DATAS 04/08/2017 E 29/09/2017.

Ao abeiro do sinalado polo art. 91.1 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, por parte do Sr. alcalde en función pregúntase aos Sres. concelleiros asistentes se teñen que facer algunha observación aos borradores das actas das sesións anteriores de datas 04/08/2017 e 29/09/2017, que lles foron entregados xunto coa orde do día. Tódolos asistentes sinalan que non teñen obxección algunha, quedando aprobado nos termos nos que está redatado por unanimidade dos asistentes (cinco votos a favor), sendo nove o número legal de membros.

2º.- DAR CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA.

Aos efectos de cumprir co sinalado no artigo 42 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dáse conta dos Decretos de Alcaldía ditados dende o derradeiro Pleno, e postos a disposición dos Sres. concelleiros xunto coa restante documentación sometida a exame plenario (dende o nº 2017-0098 ata o nº 2017-0140).

O Pleno dáse por enterado.

3º.- DAR CONTA DOS FESTIVOS AUTONÓMICOS OU DE ÁMBITO ESTATAL PARA O ANO 2018 EN RELACIÓN CO ACORDO ADOPTADO POLO PLENO CORPORATIVO EN SESIÓN CELEBRADA EN DATA 04/08/2017.

O sr. alcalde en funcións cede á palabra á secretaria municipal, a cal indica que aos efectos do acordo adoptado polo Pleno Corporativo na sesión ordinaria celebrada en data 4 de agosto en relación coa fixación das festas locais para o ano 2018, que supuxo a aprobación da Proposta de Alcaldía obrante no expediente (nº 387/2017), dáse conta que con R.X.E. nº 2017/1287 en data 15 de setembro tivo entrada o oficio procedente da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia polo que requiren a notificación dos acordos plenarios adoptados neste asunto, sinalando os festivos autonómicos ou de ámbito estatal que non deben coincidir coas sinaladas como locais, sendo os mesmos que xa figuraban na antedita Proposta de Alcaldía.

O Pleno dáse por enterado.



4º.- DAR CONTA DA REMISIÓN AO MINISTERIO DE FACENDA E FUNCIÓN PÚBLICA DAS LIÑAS FUNDAMENTAIS DOS ORZAMENTOS 2018.

O Sr. alcalde en funcións cede a palabra á secretaria-interventora municipal, a cal da conta aos Sres. concelleiros da Resolución de Alcaldía nº 2017-0130 de data 14 de setembro, pola que se aproban as citadas Liñas Fundamentais dos Orzamentos 2018 nos termos en que figuran no documento que figura como Anexo á citada Resolución, elaborado pola Secretaría-Intervención consonte aos formularios base facilitados polo Ministerio de Facenda e Función Pública, así como da remisión das mesmas ao Ministerio de Facenda e Función Pública a través da aplicación de captura habilitada na páxina da oficina virtual para a coordinación financeira coas Entidades Locais en data 14/09/2017. Optouse por remitir a información a través do Modelo Simplificado ao ter este Concello unha poboación inferior aos 5000 habitantes.

Dita remisión efectúase ao abeiro do artigo 27.2 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustenibilidade Financeira, a efectos de dar cumprimento aos requirimentos da normativa europea. O subministro da información realízase consonte ao establecido nos artigos 5 e 13 da Orde HAP/2015/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvollen as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustenibilidade Financeira.

O citado expediente nº 439/2017 de Liñas Fundamentais dos Orzamentos 2018 púxose a disposición dos sres. concelleiros xunto coa restante documentación sometida a exame plenario.

Os Sres. concelleiros dánse por enterados.

A continuación, antes de continuar coa orde do día, o Sr. alcalde en funcións sinala que xa que o Sr. concelleiro de CxG-CCTT, e voceiro do Grupo Mixto, D. José Antonio Real Vázquez, non puido asistir a este Pleno por motivos persoais, retírase da orde do día da presente convocatoria o punto **“5º.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MIXTO (CxG-CCTT) PARA QUE O CONCELLO DE SAMOS SE PRONUNCIE A TRAVÉS DO PLENO CORPORATIVO EN CONTRA DAS INSPECCIÓN LEVADAS A CABO POLA AXENCIA TRIBUTARIA ÁS PERSOAS QUE AXUDAN AOS VECIÑOS NAS LABORES DE RECOLLIDA DE PATACAS, MILLO OU VENDIMIAS”** e o punto **“6º.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MIXTO (CxG-CCTT) PARA QUE SE FAGAN AS XESTIÓNS PARA ADHERIR AO CONCELLO DE SAMOS AO PROGRAMA DE VIVENDAS BALEIRAS”** xa que non está presente para someter as Propostas ao coñecemento do Pleno nin ao seu debate. As mesmas serán tratadas na próxima sesión ordinaria do Pleno Corporativo.

7º.- ASUNTOS URGENTES.

Para dar cumprimento ao sinalado no artigo 91.4 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Sr. alcalde en función da paso aos asuntos urgentes, sen que se plantexe algún.



8º.- ROGOS E PREGUNTAS.

O Sr. alcalde en funcións da por iniciada a quenda de rogos e preguntas.

En relación aos **ROGOS**, e xa que non se presentou rogo algún a través do Rexistro Xeral, o Sr. alcalde en funcións pregunta aos Sres. concelleiros asistentes se queren formular algún oralmente, ao que respostan que non.

En relación ás **PREGUNTAS**, constan as presentadas polo Sr. concelleiro de CxG-CCTT, e voceiro do Grupo Mixto, D. José Antonio Real Vázquez, en escrito con R.X.E. nº 2017/1358 de data 2 de outubro. O sr. alcalde en funcións pospón as mesmas para ser tratadas na próxima sesión ordinaria do Pleno, ao non haber asistido o Sr. concelleiro que as formula. A continuación, pregunta aos Sres. concelleiros asistentes se queren formular algúnha oralmente, ao que respostan que non.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. presidente en funcións dáse por rematado o acto, sendo as trece horas e vintecatro minutos do expresado día, levantándose a presente acta da que eu como secretaria DOU FE.

O presidente en funcións,

A secretaria,

Asdo.- José A. García Jurjo.

Asdo.- Ana I. Candame Areosa.